			<p>Stalin.</p> <ul style="list-style-type: none"> 5.2.3. Analiza e comenta textos, imaxes e táboas de datos relacionados coa URSS de Lenin e Stalin. 	
a,b,c,e,f,g,h,l	5.3. O fascismo. A Italia de Mussolini	<ul style="list-style-type: none"> 5.3. Coñecer os postulados básicos do fascismo e as principais características da Italia de Mussolini. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.3.1. Describe e comenta os trazos básicos do fascismo. 5.3.2. Explica e valora as consecuencias que se derivan da aceptación do principio de desigualdade entre os seres humanos. 5.3.3. Sintetiza o proceso de ascenso ao poder de Mussolini e as realizacións máis destacadas do seu goberno. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	5.4. A crise de 1929 e a Gran Depresión	<ul style="list-style-type: none"> 5.4. Comprender as causas do crac da Bolsa de Nova York e as consecuencias que dela se derivaron. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.4.1. Identifica os factores que desencadearon o crac de 1929. 5.4.2. Relaciona a crise neorquirina coa depresión mundial 5.4.3. Analiza e comenta gráficas e táboas de datos relacionados coas consecuencias da crise de 1929. 	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,e,f,g,h,l	5.5. O nazismo. A Alemaña de Hitler	<ul style="list-style-type: none"> 5.5. Coñecer as características do nazismo e as actuacións máis destacadas da Alemaña de Hitler. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.5.1. Describe e comenta os trazos característicos do nazismo destacando os relacionados co antisemitismo e a súa relación co holocausto. 5.5.2. Sintetiza o proceso de ascenso nazi ao poder en Alemaña. 5.5.3. Comenta os trazos da Alemaña nazi e a súa fin. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	5.6. A Segunda Guerra Mundial	<ul style="list-style-type: none"> 5.6. Explicar as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.6.1. Explica as causas da Segunda Guerra Mundial e valora as magnitudes do conflito. 6.1.2. Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa evolución das fronteas bélicas e o novo mapa europeo que xurdiu ao seu remate. 6.1.3. Comenta a organización da paz e as 	CSC CAA CCL CD

			súas consecuencias.	
a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ	5.7.As vangardas pictóricas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.7.Analizar e valorar as manifestacións artísticas da arte das vangardas, con especial atención a Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.7.1.Analiza e valora a estética das vangardas pictóricas. ▪ 5.7.2.Identifica trazos característicos deste movemento en obras previamente seleccionadas na rede. ▪ 5.7.3.Valora a obra do artista galego Carlos Masside desde o punto de vista estético e como testemuña da súa época a través da súa obra gráfica. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>

6. República e ditadura en España

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- As diferenzas entre o sistema democrático e o ditatorial, identificando os seus trazos básicos.
- A ditadura de Primo de Rivera.
- A situación na que se proclamou a Segunda República.
- As etapas da Segunda República, as súas realizacións e dificultades.
- O contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil.
- A evolución política, cultural e socioeconómica de España e Galicia durante o franquismo.
- O papel e actividades da oposición ao franquismo.
- A arte das vangardas en España e a obra de Picasso.

Carga horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,e,f,g,h,l	6.1. A ditadura de Primo de Rivera e a fin da Monarquía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.1.Caracterizar a ditadura de Primo de Rivera, as súa evolución e fin. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.1.1. Identifica as razóns de Primo de Rivera para iniciar a ditadura a partir da análise de documentos. ▪ 6.1.2.Caracteriza as etapas do mandato de Primo de Rivera. ▪ 6.1.3.Valora as forzas da oposición e a fin da ditadura. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	6.2.A Segunda República	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2.Coñecer o contexto de proclamación da Segunda República e describir as súas etapas e principais realizacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2.1.Explica o contexto de proclamación da Segunda República. ▪ 6.2.2.Analiza e valora as principais realizacións, así como as dificultades nas diferentes etapas da Segunda República. ▪ 6.2.3. Comprende e valora as diferenzas entre ditadura e democracia. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l,ñ	6.3.Galicia durante a Segunda República	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.3.Coñecer as especificidades de Galicia durante a Segunda República con atención especial ao proceso autonómico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.3.1.Coñece os trazos específicos da Segunda República en Galicia. ▪ 6.3.2.Identifica e valora a ideoloxía e o traballo das forzas políticas máis 	CSC CAA CCL

			<p>involucradas na aprobación do Estatuto de Autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> 6.3.3. Analiza e comenta aspectos do Estatuto de 1936. 	
a,b,c,e,f,g,h,l	6.4.A Guerra Civil	<ul style="list-style-type: none"> 6.4. Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e as consecuencias da derrota republicana. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.4.1. Enuncia as causas do inicio da Guerra Civil e describe o proxecto dos sublevados. 6.4.2. Caracteriza a ideoloxía e forzas que apoiaron aos dous bandos enfrontados. 6.4.3. Analiza e comenta, a través de mapas históricos e imaxes, a evolución da guerra e as actuacións do goberno de Burgos e da República nas respectivas zonas de control. 6.4.4. Valora as consecuencias da Guerra Civil. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p>
a,b,c,e,f,g,h,l	6.5.A ditadura de Franco	<ul style="list-style-type: none"> 6.5. Identificar os trazos básicos da política, cultura e socioeconomía de España durante a ditadura franquista. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.5.1. Enumera as razóns para considerar ditadura o sistema franquista. 6.5.2. Describe os trazos políticos do franquismo e as súas consecuencias na orde internacional. 6.5.3. Comenta a evolución económica do franquismo a partir de documentos, gráficas e datos estatísticos. 6.5.4. Enuncia as principais forzas de oposición e caracteriza os derradeiros anos do franquismo. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CMCCT</p>
a,b,c,e,f,g,h,l,ñ	6.6.Galicia no franquismo	<ul style="list-style-type: none"> 6.6. Explicar os trazos específicos da ditadura franquista en Galicia, destacando o papel da guerrilla e o drama do exilio. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.6.1. Valora a existencia do poderoso movemento de resistencia ao franquismo que foi a guerrilla. 6.6.2. Describe a evolución económica en Galicia durante o franquismo e o papel de emigración como fonte de divisas. 6.6.3. Analiza, comenta e valora os sucesos de Ferrol do 10 de marzo de 1972. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p>

a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ	6.7.As vangardas en España. Picasso	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.7.Analizar e valorar a arte das vangardas en España e Galicia, destacando a obra de Picasso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.7.1. Identifica elementos característicos das vangardas artísticas na obra de artistas españois e galegos. ▪ 6.7.2. Analiza e valora algunha obra deste estilo seleccionada na rede. ▪ 6.7.3. Busca información na rede e elabora un informe sobre a significación da obra de Picasso. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>
---------------------	-------------------------------------	--	--	--

7. A división do mundo en bloques

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- A división do mundo en bloques tras a fin da Segunda Guerra Mundial.
- As características da Guerra Fría e coñecer os conflitos máis salientables.
- Os elementos ideolóxicos, políticos, económicos, militares e culturais do bloque occidental e oriental.
- As dificultades do bloque oriental.
- O proceso de descolonización.
- As características do Terceiro mundo.
- A arte das postvanguardas artísticas.

Carga horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,e,f,g,h,l	7.1. A bipolarización das relacións internacionais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.1.Comprender a división do mundo en bloques tras a fin da Segunda Guerra Mundial e definir as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.1.1. Define o concepto de bipolaridade na Guerra Fría. ▪ 7.1.2.Enuncia os elementos de cohesión de cada un dos bloques. ▪ 7.1.3.Caracteriza os trazos do enfrontamento bipolar. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	7.2. A Guerra Fría	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.2.Coñecer os trazos da Guerra Fría e caracterizar as súas fases e conflitos máis destacados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.2.1.Caracteriza o novo tipo de tensión internacional durante a Guerra Fría. ▪ 7.2.2.Nomea os conflitos máis destacados da etapa e sintetiza as causas e consecuencias. ▪ 7.2.3.Valora a significación da guerra de Vietnam e da Afganistán para as superpotencias da Guerra Fría. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	7.3.Democracias liberais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.3.Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias liberais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.3.1.Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias liberais e valora os avances relacionados co estado do 	CSC CAA CCL

			<ul style="list-style-type: none"> benestar en Europa. ▪ 7.3.2.Analiza e valora os movementos sociais e de protesta dos países do bloque occidental. ▪ 7.3.3.Consulta a rede para obter datos cos que elaborar un breve informe sobre os movementos en defensa dos dereitos políticos dos negros en EEUU e Sudáfrica. 	CD
a,b,c,e,f,g,h,l	7.4.Democracias populares	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.4. 7.3.Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias populares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.4.1. Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias populares. ▪ 7.4.2.Analiza os exemplos de Iugoslavia e China como excepcións á imposición do modelo soviético. ▪ 7.4.3.Define e valora as dificultades do bloque socialista e a crise do socialismo real. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	7.5.A descolonización	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.5.Coñecer e valorar o proceso de descolonización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.5.1.Define o concepto de descolonización e sitúa o proceso no tempo e no espazo ▪ 7.5.2.Sitúa nun mapa mundi os novos países organizados segundo as fases da súa independencia. ▪ 7.5.3.Busca información complementaria na rede sobre a figura de Gandhi e a súa significación na independencia de India e nos movementos pacifistas que inspirou. 	CSC CAA CCL CD
a,b,c,e,f,g,h,l	7.6.O terceiro mundo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.6.Describir as características do Terceiro Mundo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.6.1.Define o concepto de Terceiro Mundo e sitúa sobre un mapa o espazo que abrangue. ▪ 7.6.2.Define o movemento dos Non Aliñados e valora o seu papel no mundo bipolar da Guerra Fría. ▪ 7.3.3.Analiza datos estatísticos cos que valorar as realidades do Terceiro Mundo. 	CSC CAA CCL CMCCT

a,b,c,e,f,g,h,l,n	7.7.As postvangardas artísticas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.7.Coñecer as tendencias da arte na etapa da Guerra Fría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.7.1.Analiza tendencias da renovación da arquitectura, da escultura e da pintura. ▪ 7.7.2.Valora a falta dunha única tendencia como valor enriquecedor das artes. ▪ 7.7.3.Busca na rede algunha obra artística representativa do período para analizala e comentala. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>
-------------------	---------------------------------	--	---	--

8. Globalización e supremacía de EE UU

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Os avances técnicos e científicos do mundo actual.
- O actual sistema da globalización, así como a contestación ao sistema.
- Os trazos básicos da nova orde internacional tras a fin da Guerra Fría.
- O proceso de integración da Europa unida e valorar o seu proceso.
- As características xerais da situación actual dos países de América Latina.
- Os trazos básicos do desenvolvemento económico dos países máis prósperos de Asia oriental.
- As características do mundo islámico.
- As tendencias da arte actual.

Carga horaria: 9 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,e,f,g,h,l,m	8.1. Terceira revolución industrial. Globalización e crise económica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.1. Valorar os avances técnicos e científicos do mundo actual e os seus efectos na globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.1.1. Identifica as características da terceira revolución industrial. ▪ 8.1.2. Comenta os trazos da globalización e dos movementos alternativos e/ou contrarios a ela. ▪ 8.1.3. Selecciona unha novidade do campo dixital actual e comenta a importancia na vida cotiá. ▪ 8.1.4. Describe a orixe e os trazos da crise económica iniciada en 2008. 	CSC CAA CCL CD
a,b,c,e,f,g,h,l	8.2. A orde internacional na pos-Guerra Fría	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.2. Caracterizar esta fase histórica destacando o papel de EE UU e a orde internacional xurdida tras a fin da Guerra Fría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.2.1. Valora a supremacía de EE UU tras a desaparición da URSS. ▪ 8.2.2. Coñece o proceso de desintegración de Iugoslavia. ▪ 8.2.3. Identifica as principais zonas de conflito en África e as características desas guerras. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	8.3. A Unión Europea	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3. Coñecer o proceso de formación e ampliación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3.1. Coñece as orixes da Europa unida e sitúa no 	CSC

		da Europa Comunitaria.	<p>tempo os inicios do proceso.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3.2.Localiza nun mapa os países que forman parte da UE. ▪ 8.3.3. Confecciona un eixe do tempo coas fases de ampliación da Europa Comunitaria. ▪ 8.3.4.Explica o funcionamento das institucións europeas. 	CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	8.4.América Latina	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.4.Coñecer a evolución económica e política do conxunto dos países de América Latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.4.1.Identifica trazos comúns nos países de América Latina durante a segunda metade do século XX e comezos do XXI. ▪ 8.4.2.Describe procesos evolutivos cara á maior democratización na maioría dos países de América Latina. ▪ 8.4.3.Analiza e comenta táboas de datos sobre valores demográficos, económicos e sociais de América Latina. 	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,e,f,g,h,l	8.5.Os países de Asia Oriental	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.5.Caracterizar as economías consolidadas e emerxentes de Asia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.5.1.Describe o crecemento xaponés e nomea os principais sectores económicos do seu desenvolvemento. ▪ 8.5.2.Describe os elementos que permiten o crecemento económico chinés. ▪ 8.5.3.Caracteriza as economías emerxentes do sueste de Asia. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	8.6.O mundo islámico	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.6.Comprender o papel que o islam exerce nos países de maioría musulmá e caracterizar as manifestacións do terrorismo xihadista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.6.1.Valora o papel que a relixión exerce nos países musulmáns. ▪ 8.6.2.Analiza os conflitos máis significativos no mundo musulmán. ▪ 8.6.3.Analiza as accións e efectos do terrorismo xihadista no mundo actual. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	8.7.Un mundo multipolar	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.7.Caracterizar as relacións internacionais a partir dos ataques terroristas do 11-9-2001. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.7.1.Explica as tendencias actuais das relacións internacionais orixinadas a partir dos ataques terroristas a EE UU en 2001. ▪ 8.7.2.Valora a existencia 	CSC CAA CCL

			<p>de varios núcleos de poder superadores do sistema bipolar da Guerra Fría e da supremacía e EE UU nos anos posteriores á desaparición da URSS.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.7.3. Identifica os novos centros de poder mundial e as relacións e intereses mutuos. 	
a,b,c,e,f,g,h,l,n	8.8. A arte actual	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.8. Comprender e valorar a enorme diversidade de linguaxes e expresións artísticas características do momento actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.8.1. Comenta as tendencias dominantes na arquitectura actual. ▪ 8.8.2. Visita unha exposición –real ou virtual- e redacta un informe valorativo da obra exposta. ▪ 8.8.3. Busca na rede algunha obra actual para contextualizala, describirla e valorala. 	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>

9. España en democracia

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Os feitos e procesos básicos da transición democrática en España.
- O actual sistema político español.
- A actual Constitución española.
- As principais realización dos sucesivos gobernos democráticos.
- Os trazos básicos da Galicia autonómica.
- A arte actual en España.

Carga horaria: 12 sesións

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,e,f,g,h,l	9.1. A transición democrática	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1. Coñecer e valorar os feitos básicos da transición democrática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1.1. Describe o proceso de transición desde a ditadura franquista á democracia da monarquía parlamentaria. ▪ 9.1.2. Describe e valora a actuación do primeiro goberno de Suárez. ▪ 9.1.3. Analiza os resultados das primeiras eleccións democráticas da transición. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	9.2. A Constitución de 1978. O Estado das Autonomías	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2. Analizar o actual sistema político da España das Autonomías e coñecer os trazos básicos da Constitución de 1978. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2.1. Identifica os trazos básicos da Constitución de 1978 e valora os seus principios reitores. ▪ 9.2.2. Analiza a organización dos poderes do Estado. ▪ 9.2.3. Coñece e localiza no mapa as Comunidades e cidades Autónomas, as respectivas capitais e as datas de aprobación dos seus Estatutos. 	CSC CAA CCL
a,b,c,e,f,g,h,l	9.3. A alternancia democrática dos gobernos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3. Identificar as principais realización dos diferentes gobernos democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3.1. Elabora un esquema no que sintetiza as principais realización dos gobernos da UCD, PSOE e PP. 	CSC CAA

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3.2. Explica e valora o intento de golpe de Estado de 1981. ▪ 9.3.3. Elabora un eixe cronolóxico coas datas dos gobernos da democracia. 	CCL
a,b,c,e,f,g,h,l,ñ	9.4. A Galicia autonómica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4. Describir o proceso autonómico galego e caracterizar os seus trazos básicos, así como identificar as diferentes forzas políticas que gobernaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.1. Describe os pasos do proceso autonómico galego. ▪ 9.4.2. Analiza e comenta os trazos básicos do Estatuto de Autonomía. ▪ 9.4.3. Caracteriza o sistema político autonómico. ▪ 9.4.4. Elabora un eixe cronolóxico coas datas dos gobernos autonómicos. ▪ 9.4.5. Comenta os trazos demográficos, económicos e sociais da Galicia autonómica. 	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ	9.5. Tendencias artísticas actuais en España	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5. Analizar e valorar a arte actual en España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5.1. Analiza e comenta as últimas tendencias artísticas en España. ▪ 9.5.2. Selecciona unha obra arquitectónica, outra escultórica e outra pictórica actual de artistas españois e comenta os seus valores artísticos. ▪ 9.5.3. Busca na rede a obra actual dun artista galego e analiza e comenta o seu contido, significación e técnica empregada na súa realización. 	CSC CAA CCL CD CCEC

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos escolares e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances históricos que nos permiten aprender do pasado e crecer na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada escolar parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos ou alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7. AVALIACIÓN.

En cada avaliación o profesorado, departamento, seminario ou equipo docente, decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus alumnos ou alumnas. Para a súa determinación pode apoiarse nunha táboa como a que segue:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	
Probas de avaliación escritas	
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Cualificación total	

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL

1. ^a avaliación	
2. ^a avaliación	
3. ^a avaliación	
Portfolio de aprendizaxe	
Cualificación total	

Así mesmo, o centro determinará o peso de cada área e competencia de cara á promoción final do alumnado.

1. - Procedementos de avaliación inicial

-Realizarse no mes de Setembro, canto antes. -Consistirá en constatar os coñecementos que traen o alumnado do curso anterior e os coñecementos previos que teñen dos contidos mínimos da materia que se impartirá este ano. Realizarse unha mestura de proba que inclúa cuestións tipo test, preguntas e respostas, a confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares de aprendizaxe. -Os resultados servirán para ver os coñecementos que ten o alumnado e incidir máis de aí en diante nas carencias que presenten e nos aspectos dos contidos que máis convén traballar.

2.- Procedementos de avaliación continua

-As probas escritas faranse normalmente cada varios temas, dependendo do curso, así en primeiro serán bastante frecuentes, en segundo un pouco menos, e xa en 3º e 4º da ESO máis esporádicas para non perder tanto tempo con elas, aproveitar máis esa hora para avanzar na materia e que se vaian acostumando a probas de varios e múltiples temas que lle realizarán aos alumnos que continúen no Bacharelato ou incluso en ciclos.

-De todos xeitos, normalmente faranse un mínimo de dúas probas por trimestre ou avaliación, para evitar que o alumno teña un mal día e xa por esa proba fracase nesa avaliación e para poder sopesar cando menos dúas notas. Tampouco se farán, salvo casos excepcionais máis de tres probas por Avaliación, sendo polo tanto o normal en todos os cursos **DÚAS PROBAS POR TRIMESTRE**.

- A maior parte dos días mandarase exercicios para casa que se correxirán ao comezo da clase do día seguinte.

-Para aprobar a materia é necesario que a nota media dos controis parciais sexa igual ou superior a **5** puntos. Copiar nun exame ou traballo supón obter un 0 no mesmo. Polo tanto terá que presentarse á Avaliación Final con toda a materia, e se esta foi a cualificación da Avaliación Final, tería que ir á Extraordinaria tamén con toda a asignatura..

-Poderase obter un aprobado condicional nunha única avaliación cando a media dos exames sexa inferior a 5 pero superior a 4. Este aprobado condicional implica a obriga do alumno de aprobar as outras avaliacións por si mesmo.

-A nota final de cada avaliación será o resultado da suma de diferentes elementos: o 80% da nota final virá determinado polas notas das probas e traballos realizados no trimestre e o 20% restante a presentación do caderno, a actitude ante os compañeiros, e o profesorado, o comportamento, o esforzo, a participación na aula...

3.- Procedemento de avaliación final

-Á avaliación final irá o alumnado que suspendese algunha avaliación parcial dun trimestre. Examinarase desda avaliación negativa.

O alumnado que teña dúas avaliacións suspendidas examinarase de toda a materia, por non ter case nada do total da área superado e estar moitas veces os contidos relacionados.

-A proba serán cuestións da materia dada en cada unha das avaliacións semellantes ás realizadas nas probas parciais.

-Pódense avaliar todos ou algúns dos estándares de aprendizaxe que suspendeu o alumno, e estes só serán avaliados dos que suspenderon, salvo no caso reseñado antes que tivesen dúas ou máis avaliacións suspendidas onde poderán ser preguntados por calquera dos estándares de toda a materia.

-A cualificación final virá dada só pola nota levada na proba da avaliación final aínda que poderán terse en conta en casos excepcionais cualificacións das probas parciais, así como do traballo e actitude do alumnado durante o curso sempre que fose positivo e beneficie ao mesmo, nunca ou case nunca para empeorar a nota.

-O redondeo nas cualificacións será puramente matemático á cifra máis próxima. É dicir, por exemplo, se ten un 4,25 poráselle un 4 e se ten un 4,75 levará un 5 no redondeo da nota final. No caso de ter un 4,5 quedará a criterio do profesorado se baixar a un 4 ou elevar a un 5 a cualificación en función do traballo e da actitude do alumnado durante o curso tendo en conta a constancia e a mellora.

4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

-Vaise realizar unha proba de estrutura e modelo de cuestións semellante ás realizadas nos parciais e na avaliación final, normalmente cun número de preguntas de unhas 10, ou en todo caso, se teñen distinto número delas (máis, ou menos) que den un total de valoración case sempre de 10 puntos, sendo polo tanto valoradas a maior parte das veces cun punto cada unha delas.

-A cualificación e os redondeos serán coma os aplicados para as avaliacións parciais e para a final, pero en todo caso, xa que se trata dunha Avaliación Extraordinaria e o alumnado vai con toda a materia, digamos por libre, terase menos en conta o traballo realizado durante o curso e máis unicamente a nota obtida na proba como tal, sen prexuízo de que nalgún caso puntual se poida valorar algo do curso sempre e só no caso de que poida ser favorable para o estudante.

-O alumnado, nesta Avaliación Extraordinaria terá que examinarse de toda a materia, incluso da que por algunha circunstancia, non dera tempo de traballar ou avaliar durante o curso. Tería que superar os mínimos xerais esixibles para aprobar a disciplina.

5.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Os alumnos con materias pendentes terán que realizar, ou ben un exame trimestral do que serían avisados con quince días de antelación ou unha Proba Final no calendario establecido para os exames de Pendentes. Así mesmo, para facilitarlles o estudo, ao comezar cada trimestre entregaráselle unha batería de exercicios para que traballen os aspectos máis importantes da materia e sobre os que se baseará o exame. Cada semana disporán dun recreo no que os membros do departamento estarán á súa disposición para aclarar dúbidas.

De ter clase con ese alumno no seguinte curso ao que ten pendente, consultaráselle como vai levando o traballo e pediráselle algunha mostra do que vai facendo para realizar un seguemento.

Avaliarase pola cualificación desas avaliacións parciais, finais, dos traballos encomendados, de algunha das tres ou das dúas ou tres xuntas.

-A cualificación final elaborase cos criterios dos cursos ordinarios e a partir das notas dos traballos e da proba, de ser necesario, coa ponderación que considere o profesorado e aplicando os redondeos xa reseñados para as outras avaliacións.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				

8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS AVALIAR A DESTACAR... A MELLORAR... PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL

Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

1.- Mecanismo de revisión

Para avaliar a propia programación terase en conta:

- o O seguimento trimestral da mesma, por parte dos profesores que impartan a materia, valorando os obxectivos acadados, a correcta secuenciación da materia, os propios recursos empregados e a metodoloxía didáctica empregada, así como tamén o nivel da clase e as dificultades atopadas. O profesor poderá introducir as medidas correctoras sempre que o estime oportuno. Periodicamente nas reunións de Departamento tratarase sobre ditas cuestións.
- o Ao final de curso, os profesores que impartan a materia, farán un resumo global, que terá en conta, polo menos, os seguintes aspectos: o grao de cumprimento dos obxectivos marcados e as

dificultades atopadas. O informe final permitirá logo introducir as modificacións oportunas para os vindeiros cursos.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA PROGRAMACIÓN.

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer unha aproximación á realidade do alumnado, tanto ao seu contorno como ás súas propias aspiracións, capacidades e intereses. Isto é particularmente relevante na área de Ciencias Sociais, moi marcada polo estudo de casos particulares e de evolucións específicas de determinadas zonas ou países, e pola diferente percepción do medio social que teñen os alumn@s dunhas e doutras rexións e duns e doutros contornos socioeconómicos, culturais, etc.

Ademais os alumn@s non teñen un nivel de coñecemento homoxéneo. Nuns casos hai diferenzas moi marcadas no nivel lingüístico, o que provoca grandes desniveis á hora de entender os conceptos, a maioría de grande abstracción, específicos da Xeografía e da Historia. Noutros casos sucede algo similar co nivel matemático, o que influirá na facilidade de comprensión de certas fórmulas e contidos xeográficos.

A programación ha de ter en conta tamén que non todos os alumnos adquiren o mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos o final da etapa, permitindo á vez que os máis avantaxados poidan ampliar os seus coñecementos máis alá do mínimo común.

Estes obxectivos lógranse mediante a presentación das unidades en dous niveis. Nun primeiro nivel formularanse as ideas xerais e básicas sobre o tema, para pasar, nun segundo nivel de afondamento, o estudo de aspectos máis concretos. O primeiro nivel debería ser asimilado por todos os alumn@s, en tanto que os contidos de segundo nivel poden ser traballados máis o menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA METODOLOXÍA.

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que van aplicarse na aula. Estas estratexias son de dous tipos:

- Unha estratexia expositiva nos contidos básicos. O obxectivo é asegurarnos de que eses contidos básicos son comprendidos por todos os alumnos, definindo claramente o nivel que quere alcanzar.
- Unha estratexia indagatoria no caso dos contidos específicos. A finalidade é permitirlles aos alumnos afondar nas súas investigacións segundo sexan as súas distintas capacidades e intereses.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NOS MATERIAIS UTILIZADOS.

A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha grande importancia á hora de atender as diferenzas no conxunto dos alumnos e das alumnas.

Como material esencial debe considerarse o libro base. O uso de materiais de reforzo o ampliación, tales cos cadernos ou a Carpeta de Recursos, permite atender a diversidade en función dúas obxectivos que nos queiramos fixar.

10.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estas actividades incluíranse na PXA (Programación Xeral Anual).

Ao longo do curso organizaranse actividades extraescolares que aparecerán detalladas na memoria de final de curso.

O Departamento está aberto a calquer tipo de actividade que vaia xurdindo ao longo do curso, en relación coa materia.

11. DATOS DO DEPARTAMENTO

1. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

O seminario está integrado por un profesor con destino definitivo (Xefe de Departamento). Este, na hora adicada a tal fin e noutros momentos, fai o seguimento das programacións e trata aspectos relativos ao departamento e o funcionamento do mesmo.

2. MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO E NÚMERO DE HORAS.

NIVEL	HORAS	Nº DE GRUPOS	TOTAL HORAS
1º DA ESO	3 h de Ciencias Sociais	1	3
	1 h de Valores Éticos	1	1
2º DA ESO	3 h de ciencias Sociais	1	3
			1
3º DA ESO	3 h de Ciencias Sociais	1	3
	1 h de Valores Éticos	1	1
4º DA ESO	3 h de Ciencias Sociais	1	3

	1 h de Valores Éticos	1	1
TOTAL		8	16

3. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

CURSO	Nº ALUMN@S	Nº DE GRUPOS
1º ESO	23	1
2º ESO	16	1
3º ESO	18	1
4º ESO	11	1

12. Relación coa resolución

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	Folla 4
b	Contribución ás competencias básicas	Folla 3
c	Concreción dos obxectivos para curso	Folla 5
d	Concreción para cada estándar	Folla 9
	1º.- Temporalización	Folla 6
	2º.- Grao mínimo de consecución	Folla 9
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Folla 9
e	Concrecións metodolóxicas	Folla 205
f	Materiais e recursos didácticos	Folla 213
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Folla 206
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Folla 57
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Folla 208
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Só 2º BAC
k	Avaliación inicial e medidas	Folla 206
l	Medidas de atención á diversidade	Folla 212
m	Concreción de elementos transversais	Folla
n	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 213
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Folla 209